

# BANDO

## CAMPAÑA PROVINCIAL DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA

A compostaxe doméstica é a conversión do refugallo orgánico en abono natural. Se a súa é unha vivenda unifamiliar este pode ser un xeito de darlle saída ecolóxica e rendible a boa parte do lixo doméstico.

Que podemos empregar para a compostaxe? Restos de froitas e verduras; casca de ovo; arroces e pasta cocida; pan. Pousos de café e infusións. Cinzas e serraduras de madeira non tratada. Papel, cartón, xornais. Restos de poda, raíces, follas, céspede e material do xardín esmiuzados. Restos de colleita da horta, sen pesticidas ou fitosanitarios. Esterco de animais herbívoros. Pó e peluxe do aspirador e fibras naturais.

**AOS PARTICIPANTES NA CAMPAÑA CEDERÁSELLES GRATUITAMENTE UN COMPOSTEIRO.**

### **REQUISITOS:**

- Non ter participado en campañas anteriores.
- Ter a súa primeira residencia no concello.
- Dispor dun espazo mínimo de 50 a 200m<sup>2</sup>.
- Asistencia obrigatoria a unha xornada de formación.



OS VECIÑOS E VECIÑAS INTERESADOS EN PARTICIPAR DEBERÁN INSCRIBIRSE NO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR **ATA O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2017:**

- Presencialmente.
- No teléfono 988 25 93 85
- No enderezo electrónico: [info@concellopereiro.com](mailto:info@concellopereiro.com)

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Prza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395  
[www.concellopereiro.com/](http://www.concellopereiro.com/) [info@concellopereiro.com](mailto:info@concellopereiro.com)